

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE VISITA O CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO

Un unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) desprazarase este xoves 12 de marzo ata as inmediacións do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM). Todas as persoas que desexan doar poderán acudir ata a unidade móbil que estará estacionada no aparcadoiro de pastos do CIAM.

A ADOS quere agradecer á dirección do CIAM as facilidades amosadas para o desenvolvemento das campañas de doazón de sangue que comezaron a realizarse neste centro no ano 2007. Desde entón, as unidades móbiles da Axencia teñen acudido ata o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo en 19 ocasións, acadando, no transcurso destas visitas un total de 269 doazóns de sangue.